

# MAREMAGNUM

publicación galega sobre os trastornos do espectro do autismo

**CG** nº 15 - 2011

*REPENSAR O AUTISMO*



REPENSAR O AUTISMO

AUTISMO GALICIA



# En galego, en todas as direccións



XUNTA  
DE GALICIA

# MAREMAGNUM

 AUTISMO GALICIA

Nº 15. Ano 2011

Número Ordinario  
galego/castelán

## *Director*

Cipriano Luís Jiménez Casas  
ciprianoluis@menela.org

## *Consello de Redacción*

Ana Martínez Díez

Enma Cuesta Fernández

Susana Rodríguez Blanco

Estrela Vázquez Allegue

Cipriano Luís Jiménez Casas

## *Corrección Lingüística*

Secretaría Xeral de Política Lingüística e

Felicia Estévez Salazar

## *Ilustración portada*

Manuel R. Moldes

## *Edita*

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

E-mail: [info@autismogalicia.org](mailto:info@autismogalicia.org)

[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

## *Impresión*

Difux, S.L.

## Sumario

7

Editorial

REPENSAR O AUTISMO

13

XENÉTICA DOS TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO

Ángel Carracedo Álvarez

27

AUTISMO E INTERVENCIÓN: QUE SABEMOS?

Giacomo Vivanti

53

PROGRAMA PARA A ATENCIÓN MÉDICA INTEGRAL AOS  
TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO: PROGRAMA AMI-TEA

Leticia Boada Muñoz

67

PLANIFICAR A ATENCIÓN DAS PERSOAS MAIORES CON  
DISCAPACIDADE (AUTISMO) E DEPENDENCIA

Patricia Olveira Timiraos

79

CREANDO LUGARES PARA VIVIR

Pura Díaz-Veiga

87

TENDENDO PONTES

Antuña Dominguez, Iria; González Arias, Victoria; Lago Cabaleiro, Amanda; Maquieira Prieto, Amparo; Martín Lorenzo, Lourdes; Martínez Iglesias, Pedro; Meijide Rico, Berta; Paz Jiménez, M<sup>a</sup> Antonia; Rodríguez Blanco, Susana; Rodríguez Casal, Bibiana; Rodríguez Díaz, Ana

101

AUTISMO E DEREITOS

José Antonio Seoane Rodriguez

115

O ESTIGMA NA DISCAPACIDADE: REFLEXO E EVOLUCIÓN NA LITERATURA E NA PUBLICIDADE

Alicia Díaz Balado

123

O SUFRIMENTO DOS NENOS, O MAL E DEUS

Andrés Torres Queiruga

129

MANUEL ANTONIO, ENFERMO DE HORIZONTES

Xosé Luis Axeitos Agrelo

## O SUFRIMENTO DOS NENOS, O MAL E DEUS

Andrés Torres Queiruga<sup>1</sup>

*Membro da Real Academia Galega*

En cita oportuna, Cipriano Luís Jiménez Casas, tan xenerosamente entregado á causa dos nenos autistas, lembraba hai pouco unhas palabras preciosas de Bertrand Russell acerca das paixóns fundamentais da súa vida: “A ansia de amor, a busca do coñecemento e unha insoportable piedade polo sufrimento da humanidade”. Curiosamente, acababa o texto remitindo ao seu libro *“Por qué non son cristián”*. E digo curiosamente, porque, se hai un motivo que pertenza á esencia do cristianismo, e alén del, ao máis nuclear de toda a tradición bíblica é, xusto, a preocupación polo orfo e a viúva, polo escravo e o estranxeiro, polo excluído e o marxinado. Demasiado encuberto acaso durante séculos de historia por praxes non sempre claras nin gloriosas, este motivo é lembrado con paixón e rubricado con sangue pola Teoloxía da Liberación e –digámolo tamén– nunca puido ser afogado nin na vida nin na acción de tantas e tantos cristiáns de base.

1 O autor é Doutor en Filosofía e Teoloxía. Profesor de Filosofía na Universidade de Santiago de Compostela; Membro Numerario da Real Academia Galega; Ex – Membro do Consello da Cultura Galega; Cofundador e Ex – Director de “Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián”; Membro do Consello Científico da Revista Portuguesa de Filosofía e Membro dos Consellos de Redacción das Revistas: “Iglesia Viva”, “Revista Portuguesa de Filosofía” e “Revista Internacional Concilium”.

Libros publicados: Recuperar la salvación, (2ª Ed. Sal Terrae, Santander 1995); Constitución y Evolución del Dogma. La teoría de Amor Ruibal y su aportación, (Ed. Marova, Madrid 1977); Nova aproximación a unha filosofía da saudade, (R.A.G., Ed. Galaxia, Vigo 1981); Noción, religación transcendencia. O coñecemento de Deus en Amor Ruibal e xabier Zubiri (Ed. Barrie de la Maza – Real Academia Galega, Coruña 1990); La constitución moderna de la razón religiosa. Prolegómenos a una Filosofía de la Religión, (Verbo Divino, Estella 1992); ¿Que queremos decir cuando decimos infierno?, Sal Terrae, Santander 1995); Repensar la Cristología. Ensayos hacia un nuevo paradigma, (Verbo Divino, 2ª edición 1996); Recuperar la creación. Por una religión humanizadora, (Sal Terrae, Santander 1997); El problema



Curioso resulta tamén, ata o paradoxal, que Nietzsche, moito máis obsesionado ca Russell pola fondura abisal do relixioso, tomase a preocupación polos que sofren, marxinados e excluídos, como razón para se opoñer á mensaxe do Evanxeo: vontade de poder e arbitrio de dominio, fronte a piedade e compaixón. Ben é certo que co visionario de Sils Maria nunca resulta fácil saber cando, na última e radical verdade do que expresa, está intentando afirmar ou negar. Pero o contraste serve cando menos para alertar sobre a ambigüidade dos xuízos históricos e, máis aínda, sobre o vicio occidental de converter os grandes problemas comúns en armas de batalla, no canto de chamada fraterna ao diálogo e á colaboración.

E se hai un problema común e unha preocupación humanamente entrañable é a loita contra o mal. Contra o mal en todas as súas formas. E dun xeito especial, contra o mal que, dun xeito ou doutro, afecta aos máis pequenos, aos inocentes, expostos sen defensa ás feridas na súa carne tenra e luminosa. Dostoievski e Camus souberon dicilo con forza inigualable, tanto a respecto do sufrimento inflixido pola perversidade canalla de liberdade humana como pola crueldade cega pero implacable da natureza. “Ademais, demasiado cara taxaron esa harmonía: non temos diñeiro abondo no peto para pagar a entrada. Así que me apresuro a devolver o meu billete. [...] Non é que non acepte a Deus, Alíochka; pero devólvolle co maior respecto o meu billete”, di o primeiro ante as bágoas da neniña espantosamente maltratada polo amo ante os ollos da nai. “Non, pai, déixoo. Teño outra idea do amor. E rexeitaría ata a morte amar a unha creación na que os nenos son torturados”, exclama Camus fronte ao neno morto pola peste.

de Dios en la Modernidad, (Verbo Divino, Estella 1999); Del Terror de Isaac al Abbá de Jesús. Hacia una nueva imagen de Dios, (Verbo Divino, Estella 2000); Fin del cristianismo premoderno. Retos hacia un nuevo horizonte, (Sal Terrae, Santander 2000); Repensar la resurrección. La diferencia cristiana en la continuidad de las religiones y la cultura, (Ed. Trotta, Madrid 2003); Para unha filosofía da saudade, (Fundación Otero Pedrayo, Trasalva – Ourense 2000); Un Dio per oggi. Un nuovo modo per accostarsi all’Ineffabile, (ISG – Marna, Vicenza 2003); Esperanza a pesar del mal. La resurrección como horizonte, (Sal Terrae, Santander 2005); Repensar la revelación. La revelación divina en la realización humana, (2ª edición, revisada e ampliada, Trotta, Madrid 2008); Die Wiederentdeckung der Schöpfung. Für eine menschliche Religion, (Wissenschaftliche Buchgesellschaft, Darmstadt 2008); Repensar o Mal. Da Poneroloxia a Teodicea, (Ed. Galaxia, Vigo 2010). Colaborou en máis de 100 obras colectivas e publicou máis de 200 artigos en diversas revistas nacionais e internacionais.

Premio da Crítica de Ensaio en 1977 e 1985. Premio de Investigación Losada Diéguez en 1996. Premio Trasalva (Otero Pedrayo), en 2003 e Galego Egrexio en 1994.

A vida e obra de Torres Queiruga manifestan unha admirable conxunción entre un traballo intelectual de altura, en constante diálogo co pensamento contemporáneo, e o compromiso existencial con Galicia, cos galegos e con tódolos seres humanos.

O terrible é que ambos, o crente ortodoxo e o agnóstico inqueda, parten do mesmo suposto: que, por acción ou omisión, “Deus” é o responsable dese sufrimento, porque, se quixese e/ou non o consentise, eses nenos non serían torturados. Máis terrible é aínda que a meirande parte dos teólogos manteñen ese mesmo presuposto. Presuposto que, de ser certo, faría inevitable o ateísmo, o rexeitamento dun “Deus” que se mostraría cruel e inhumano, incompatible cos sentimentos máis elementais de todo corazón ben nacido. Sería o mal como “rocha do ateísmo”, segundo a coñecida sentenza de G. Büchner.

Compréndese que se algo me preocupa no meu traballo teolóxico, é xustamente desfacer ese equívoco literalmente espantoso, que, ao situar a orixe do mal onde non está, pon ao descuberto unha terrible inconsecuencia da cultura actual, tanto na súa versión teolóxica como na filosófica. A iso consagrei –con paixón– o meu último libro, “Repensar o mal: da poneroloxía á teodicea”. Inconsecuencia na teoloxía, que proclama un Deus-amor que, si puidese, non eliminaría o inmenso e intolerable sufrimento do mundo. Inconsecuencia na filosofía, que acusa inmediatamente a Deus de non respectar aquilo que ela mesma proclama como a gran conquista da cultura moderna: a autonomía do mundo no funcionamento das súas leis físicas e na liberdade das nosas opcións morais. Pero hoxe non podemos ignorar a falsidade do presuposto no que, sen se decatarmos, Epicuro apoiaba o seu famoso dilema: “ou Deus pode e non quere, ou quere e non pode... eliminar o mal do mundo...” Porque ese presuposto está dando como evidente a posibilidade dun mundo-sen-mal. Pero o proceso cultural puxo ao descuberto que a autonomía do funcionamento das leis físicas nun mundo finito e, dentro del, dunha liberdade igualmente finita, fai imposible evitar a carencia, o desaxuste, o choque e o conflito.

Nunha palabra, que, deixando ao lado as fantasías infantís de paraísos míticos, comprendemos –ou deberíamos comprender– dúas cousas: 1) que non é posible un mundo-sen-mal: sería tan absurdo como un círculo-cadrado ou un ferro-de-madeira; e 2) que todo mal, sexa o que sexa, que aparece no mundo é produto das leis físicas ou das perversidades humanas.

Xa o sabemos “en teoría”: cando se produce un tsunami, non ollamos para deus-no-ceo ou o demo-no-inferno, senón para as placas tectónicas e a velocidade das ondas abisais; cando apareceu a SIDA, non fixemos procesións, senón que construímos laboratorios; e cando se provocan o holocausto, os gulags ou os killing fields, non son Deus ou o demoño a súa causa, senón concretas e horrendas perversidades humanas. O que sucede é que aínda non o realizamos “na práctica”: seguimos a lle atribuír a Deus que non invada o mundo con intervencións milagreiras que, de se produciren, as acusaríamos de atentados contra a autonomía do mundo ou como anulamento da liberdade humana. Nesta cuestión decisiva, a cultura actual precisa poñerse á súa propia

altura e comprender que *o mal é un produto inevitable nun mundo finito*; polo tanto, que sucedería tamén, aínda que fose con características distintas, en calquera mundo posible.

Non se trata aquí de afondar máis na cuestión. Pero resulta indispensable para situar a cuestión no seu xusto nivel: empezar cun tratamento do mal como problema común e universalmente humano; previo por tanto a toda resposta relixiosa ou non relixiosa. Por iso inventei a palabra “poneroloxía” (do grego ponerós, malo), insistindo no resultado de comprender o mal como algo inevitable que a todos nos afecta e a todas nos desafia. Porque este resultado permite por en claro dúas consecuencias decisivas.

A primeira, que, previamente a opcións relixiosas ou non relixiosas, de partido ou de ideoloxía, o mal sitúa a humanidade ante o problema común de o afrontar e o combater. O sufrimento non ten bandeiras, é simple o cruelmente humano: o nenño ou a neniña autista sofre o seu illamento tanto se nace de pais crentes como de pais ateos, nunha familia política ou nunha familia apolítica. Axudalo ou axudala é tarefa de todos, tarefa absolutamente prioritaria, de xeito que renunciar a facelo ou diminuír con divisións e bandeirías a eficacia da loita resulta sinxelamente inhumano. Ante o horror do mal, todos estamos pascalianamente embarcados: o primeiro é a disposición a colaborar e unir esforzos sen pedir carné ou acreditación de ningún tipo. E ninguén ten dereito a dudar de que, desde esta disposición, se abre un campo inmenso á colaboración. Noutro contexto avisárao ben Castelao: deixémonos de críticas e andrómenas, pois para o traballo verdadeiro e construtivo hai sitio para todos.

Isto non impide recoñecer unha segunda consecuencia: que todos esteamos embarcados non impide recoñecer as diferenzas. O problema é común: tal era o resultado da “poneroloxía”. Pero as respostas encádranse nun marco diferente, pois ninguén pode deixar de buscar un horizonte cosmovisional onde situar a propia resposta. Son as que chamo distintas “pisteodiceas” (do grego pistis, “fe”, tomada en sentido amplo). Tan pisteodicea é pensar con Schopenhauer ou Sartre que o mundo é malo e absurdo, como opinar con Bloch que sempre hai esperanza de sentido; tan pisteodicea é pensar que sen Deus non hai solución última, como pensar que, pola contra, Deus impide a solución real. As diferenzas están aí e cada postura debe dar razón de si mesma, mostrando en qué se apoia e responder ás obxección que se lle fan. Tal é a gloria e a miseria do diálogo cultural, tamén inevitable na finitude humana.

Pero no que me interesa insistir aquí é que ao colocar a diferenza nun segundo nivel da reflexión, axuda a colocala no seu contexto debido e na súa verdadeira funcionalidade. Ante todo, porque como acabo de dicir permite que o espazo anterior fiquen libre para a colaboración, centrada xenerosamente no obxecto que hai que combater, é dicir, na loita contra o sufrimento, a

marxinación ou a inxustiza. E logo, porque axuda tamén a vacinar o ambiente contra o que chamei “vicio occidental” na cultura moderna, sempre propensa a converter a diferenza en puñal. A conciencia expresa de que o inimigo é común e está fóra, convida á man tendida, tratando de ver a diferenza como perspectiva diversa, alerta a cautela fronte ao perigo de dogmatismo, e chama a que sen renunciar ás propias conviccións sexamos capaces de as manter abertas ao diálogo crítico. Diálogo sempre difícil e inacabable, pero que ao menos se sitúa no camiño do verdadeiramente posible: a urxencia da común tarefa que se vaia realizar: urxencia que Gadamer, nunha hermenéutica máis aséptica, describiu como pórse de acordo “sobre o obxecto mesmo” e que, máis apaixonado, Lévinas tematizou como “exporse ao rostro indefenso” do que sofre.

E, de certo, nada ten no mundo máis forte e máis nobre capacidade de convocatoria có sufrimento humano. Sobre todo cando ese sufrimento nos convoca desde o silencio misterioso dun neno ou dunha autista e, en xeral, desde o rostro indefenso de millóns de nenos inocentes.



## EL SUFRIMIENTO DE LOS NIÑOS, EL MAL Y DIOS

Andrés Torres Queiruga<sup>1</sup>

*Miembro de la Real Academia Galega*

En cita oportuna, Cipriano Luis Jiménez Casas, tan generosamente entregado a la causa de los niños autistas, recordaba hace poco unas palabras preciosas de Bertrand Russell acerca de las pasiones fundamentales de su vida: “El ansia de amor, la búsqueda del conocimiento y una insoportable piedad por el sufrimiento de la humanidad”. Curiosamente, acababa el texto remitiendo a su libro *Por que no soy cristiano*. Y digo curiosamente, porque, si hay un motivo que pertenezca a la esencia del cristianismo, y más allá de él, a la más nuclear de toda la tradición bíblica es, justo, la preocupación por el huérfano y la viuda, por el esclavo y el extranjero, por el excluido y el marginado. Demasiado encubierto, acaso, durante siglos de historia por praxis no siempre claras ni gloriosas, este motivo es recordado con pasión y rubricado con sangre por la

1 El autor es Doctor en Filosofía y Teología. Profesor de Filosofía en la Universidad de Santiago de Compostela; Miembro Numerario de la Real Academia Galega; Ex – Miembro del Consello da Cultura Galega; Cofundador e Ex – Director de “Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián”; Miembro del Conselho Científico de la Revista Portuguesa de Filosofía y Miembro de los Consejos de Redacción de las Revistas: “Iglesia Viva”, “Revista Portuguesa de Filosofía” y “Revista Internacional Concilium”.

Libros publicados: *Recuperar la salvación*, (2ª Ed. Sal Terrae, Santander 1995); *Constitución y Evolución del Dogma. La teoría de Amor Ruibal y su aportación*, (Ed. Marova, Madrid 1977); *Nova aproximación a unha filosofía da saudade*, (R.A.G., Ed. Galaxia, Vigo 1981); *Noción, religación transcendencia. O coñecemento de Deus en Amor Ruibal e xabier Zubiri* (Ed. Barrie de la Maza – Real Academia Galega, Coruña 1990); *La constitución moderna de la razón religiosa. Prolegómenos a una Filosofía de la Religión*, (Verbo Divino, Estella 1992); *¿Que queremos decir cuando decimos infierno?*, Sal Terrae, Santander 1995); *Repensar la Cristología. Ensayos hacia un nuevo paradigma*, (Verbo Divino, 2ª edición 1996); *Recuperar la creación. Por una religión humanizadora*, (Sal Terrae, Santander 1997); *El problema de Dios*



## FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

### XUNTA DIRECTIVA

PRESIDENTE: Antonio de la Iglesia Soriano

VICEPRESIDENTE: Cipriano Luis Jiménez Casas

SECRETARIO: Fernando Domínguez González

TESOUREIRO: José Antonio García Villar





## MEMBROS DE AUTISMO GALICIA

### APACA

Asociación de Pais de Autistas e Psicóticos da  
Comarca de Arousa  
✉ Rúa Moreira, nº 29  
36613 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)  
☎ 986 501 548  
E-mail: a.apaca@wanadoo.es

### APACAF

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno  
do Espectro Autista do Centro de Apoio  
Familiar "A Braña"  
✉ Rúa Pracer, nº 5-3º B  
36202 Vigo (Pontevedra)  
☎ 986 226 647  
E-mail: info@apacaf.org  
www.apacaf.org

### APA MECOS

Asociación de Pais de Persoas con Autismo  
"Os Mecos"  
✉ Rúa Xistro nº 28 - Coiro  
36947 Cangas do Morrazo (Pontevedra)  
☎ 986 708 640  
E-mail: apamecos@yahoo.es

### A.S.P.A.N.A.E.S.

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno  
do Espectro Autista T.E.A. da Provincia  
da Coruña  
✉ Rúa Camiño da Igrexa, nº 40 - baixo  
15009 A Coruña  
☎ 981 130 044  
☎ 981 130 787  
E-mail: administracion@aspanaes.org  
www.aspanaes.org

### AUTISMO OURENSE

Asociación Autismo Ourense  
✉ Rúa Alférez Provisional, nº 2 entrecán  
32003 Ourense  
☎/☎ 988 219 389  
E-mail: info@autismoourense.org  
www.autismoourense.org

### AUTISMO VIGO

Asociación Autismo Vigo  
✉ Rúa Camelias, nº 108, oficina 2  
36201 Vigo (Pontevedra)  
☎ 986 437 263  
☎ 986 228 528  
E-mail: autismovigo@gmail.com  
www.autismovigo.org

### APA CASTRO NAVÁS

Asociación de Pais do Centro "Castro Navás"  
✉ Rúa Navás, nº 11-Priegue  
36391 Nigrán (Pontevedra)  
☎ 986 365 558  
E-mail: apacastronavas@yahoo.es

### FUNDACIÓN MENELA

✉ Avda. Marqués de Alcedo, nº 19  
36203 Vigo (Pontevedra)  
☎ 986 423 433/902 502 508  
☎ 986 484 228  
E-mail: fundacion@menela.org  
www.menela.org

### FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA

✉ Rúa Camiño da Igrexa, nº 40-baixo  
15009 A Coruña  
☎/☎ 981 130 553 Fax: 981 130 787  
E-mail: autismocoruna@yahoo.es

### APA MENELA

Asociación de Pais do Centro "Menela"  
✉ Camiño da Veiguiña, nº 15 - Alcabre  
36212 Vigo (Pontevedra)  
☎ 986 240 703  
E-mail: apamenela@terra.es

### RAIOLAS - LUGO

Asociación de Pais de Persoas con Trastornos  
Xeneralizados do Desenvolvemento  
✉ Rúa Lamas de Prado, 75 - baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 214 504  
E-mail: raiolas-lugo@mundo-r.com

### FUNDACIÓN TUTELAR CAMIÑO DO MIÑO

✉ Rúa Xoanelo, nº 2  
36202 Vigo (Pontevedra)  
☎ 986 222 023  
☎ 902 502 508  
E-mail: ttutelar@cmino.org



Colabora



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE SANIDADE



**SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE**

**CG**  
OUTISMO GALICIA